



Concello de Taboadela

Álvaro Vila Anajo (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 18/04/2024
HASH: bc71e47e5647cc569a4ca5b0cab298c

ANUNCIO

SUMARIO

Providencia de Alcaldía do Concello de Taboadela pola que se dispón o inicio do trámite de consulta pública de Ordenanza Municipal Reguladora, que ten por obxecto:

Regular a actividade forestal extractiva de corta e saca de madeira e leña dentro do municipio de Taboadela co fin de conservar e protexer a infraestrutura viaria pública municipal.

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza Municipal sobre corta e saca de madeira e leña, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de (20) **vinte días** a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>Destrozos na saca e transporte da madeira. Non identificación dos causantes dos diferentes destrozos Falta de limpeza posterior á corta no monte e no transporte. Evitar os problemas de convivencia entre os distintos medios de</i>
---	--





Concello de Taboadela

	<i>transporte e reducir accidentes.</i>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	Regular a actividade extractiva de madeira non considerada de autoconsumo, establecendo o procedemento de autorización, as obrigas e prohibicións para as persoas responsables, o depósito de garantías que cubran os posibles danos así como a tipificación das infraccións e sancións a aplicar.
Obxectivos da norma	Compatibilizar as actividades de aproveitamento forestal coa conservación das vías e bens municipais. Defensa municipal dos dereitos dos veciños/as de Taboadela Preservación do medio Protección da paisaxe.
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	O Concello de Taboadela ten unha ampla rede de camiños e vías públicas, que o seu uso esixe unha regulación, despois de considerar a importancia que ten o sector forestal extractivo de madeira, e leña no territorio municipal ou a incidencia desta actividade.

